

## Informe

**Asunto:** Modificación da ordenanza reguladora dos ingresos correspondentes á prestación patrimonial de carácter público non tributaria por subministración de auga potable.

A vixente Lei de contratos do sector público, na súa disposición final duodécima, introduce unha modificación no artigo 20 do Real decreto lexislativo (RDL) 2/2004, modificación que implica que naqueles servizos públicos que se prestan en réxime de xestión indirecta, ou de xestión directa mediante personificación privada carecerán da naturaleza xurídica de taxa, tendo a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

Polo tanto, resulta necesario a introducción de modificacións de carácter ou orde terminolóxico e técnico de forma que reflectan a súa nova configuración xurídica.

### Cuestións formais

#### I.- Esixencias no texto refundido das leis de facendas locais (RDL 2/2004)

O artigo 20.6 da citada norma establece que as contraprestacións económicas que teñan o carácter de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario se regularán mediante ordenanza.

A previsión legal antes referida supón un reenvío normativo ao artigo 49 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, o que -xunto coas esixencias que establece o precepto citado do RDL 2/2004- determina:

- Aprobación inicial polo Pleno.
- Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- Remisión da proposta definitiva, xunto coas alegacións presentadas -no seu caso- á Comisión de Prezos de Galicia.
- Resolución das reclamacións e suxerencias presentadas., coa aprobación definitiva no Pleno. No caso de que non se tiveran presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

A teor do artigo 47 da citada 7/1985, os acordos das aprobacións esixirán únicamente maioria simple, sendo preceptivo o informe tanto da Intervención coma da Secretaría (artigos 3 e 4 Real Decreto 128/2018)

Os acordos definitivos publicaranse integralmente no Boletín Oficial da Provincia (artigo

131 da Lei 29/2015)

II.- Esixencias na Lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas (Lei 39/2015)

Nos termos do ártigo 129 da lei 39/2015, e no relativo aos principios de boa regulación, o exercicio da potestad regulamentaria que se pretende deriva das propias esixencias que establece o ordenamento xurídico para este tipo de ingresos:

- Cambio da súa configuración xurídica, derivado da Lei 9/2017, que implica a perda da súa condición de taxa.
- Necesidade de axustar as tarifas aos custos determinados

Polo tanto, o fin que se persegue é a adecuación ao ordenamento xurídico da norma que regula os citados ingresos, sendo o instrumento elixido (adaptación das ordenanzas) o único axeitado e posible para elo. En definitiva, existe necesidade para exercitar a potestade regulamentaria e o instrumento elixido (adecuación de ordenanzas) é o que presenta maior eficacia. Así mesmo, concurre a proporcionalidade, modificando exclusivamente os elementos imprescindibles e garantindo a coherencia do ordenamento xurídico municipal co resto do ordenamento xurídico.

No relativo aos trmites de consulta, audiencia e información pública establecidos polo ártigo 133 indícase que, na citada norma exclúese dos supostos de obriga dos ditos trmites as propostas normativas que regulen aspectos parciais dunha materia, suposto que se da neste expediente, polo que -nos termos do dito precepto- poderá prescindirse dos ditos trmites.

### Cuestións sustantivas

Como queda dito, as modificáons que recolle a proposta son puramente terminolóxicas, derivadas da recente modificación na configuración xurídica deses ingresos.

A teor do sinalado, informo favorablemente a proposta de modificación da citada ordenanza.

Ferrol, 24 de setembro de 2018

O xefe do Servizo de Facenda a Patrimonio

Joaquín Martínez Cubero

De Conxido de  
do Secretario do Concello de Ferrol  
SECRETARIA